

Ao Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Núm. expediente: 2019039839

N/ref.: 2019. P.04

Asunto: informe técnico para a valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor (sobre A) do procedemento de contratación da obras de "*Reparación de cuberta e fachada do Auditorio do Centro Príncipe Felipe*"

1. Antecedentes

Expediente:	Reparación de cuberta e fachada do Auditorio do Centro Príncipe Felipe		
Prazo de execución das obras:	Dous meses		
Orzamento de licitación:	PEM	GG+BI	Total (con IVA)
	183.912,28 €	218.855,62 €	264.815,30 €
Procedemento de adxudicación:	Criterios de adxudicación/ Aspectos da Negociación		
<input checked="" type="checkbox"/> Aberto simplificado	<input checked="" type="checkbox"/> Varios criterios (mellor relación calidad-prezo) <input checked="" type="checkbox"/> Sen Comité de Expertos		

2. Obxecto do informe

O Centro Príncipe Felipe é unha institución de carácter educativo e social, situada na avda. de Montecelo, 3, na parcela con referencia catastral 1773001NG3917S0001BT. O Centro conta entre as súas instalacións cunha residencia, un conxunto de aulas teóricas, un auditorio, un comedor e unha cafetería.

O edificio correspondente ao auditorio do Centro Príncipe Felipe, que foi construído na década dos 70, é unha construcción de 3 andares (andar, baixo e dous sotos) anexa a outra edificación de 5 andares en forma de L. O auditorio consiste nunha edificación de cuberta curvada de panel metálico impermeabilizado e con fachada de chapa grecada. Tanto a cuberta como a fachada contan cun illamento insuficiente e amosan unha serie de patoloxías, entre as que destacan as importantes filtracións de auga cara o interior causadas polo deterioro da lámina impermeable da cuberta, así como, a deficiente resolución dos encontros tanto coa fachada vertical anexa como con puntos singulares como as chemineas. Todo isto



provoca significativos problemas de humidades e filtracións, impedindo acadar os niveis de habitabilidade (insalubridade) e seguridade adecuados para o desenvolvemento das actividades correspondentes de educación especial no Centro Príncipe Felipe.

En consecuencia, mediante resolución Presidencial do 19.02.2019, númeru 2019002954, acórdase adxudicar a José Manuel Fernández Barreira, a redacción do proxecto básico e de execución das obras de “reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe”

A mesa de contratación, que ten lugar o 5.12.2019, realiza a apertura electrónica da documentación presentada polas empresas no sobre A.

O obxecto do presente informe é dar cumprimento ao previsto no punto B, do apartado 14.2. “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E DOCUMENTOS CORRESPONDENTES Á PROPOSTA AVALIABLE MEDIANTE CRITERIOS QUE PRECISEN UN XUÍZO DE VALOR”, do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a adxudicación do presente procedemento aberto, a fin de proceder á cualificación da calidade técnica das ofertas.

3. Consideracións xerais

Coa finalidade de que a mesa de contratación poda dispoñer de información suficiente para os efectos procedentes para á adxudicación do presente procedemento aberto, a análise e cualificación das ofertas foi encomendado ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo.

O apartado 16 do PCAP fixa os criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación do procedemento aberto simplificado.

4. Relación de empresas

Segundo comunica o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, na mesa de contratación do 5.12.2019, tal e como prevé o artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, ábrense os sobres A, correspondentes á documentación técnica avaliable mediante criterios que precisen un xuízo de valor, correspondentes ás seguintes empresas licitadoras (que se ordenan alfabeticamente):

1	COVISAM NORTE, S.L.
2	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

5. Ofertas admitidas

Todas as propostas presentadas foron admitidas.

6. Valoración Técnica

Segundo o establecido no apartado 16 do PCAP *Enumeración dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor*, as propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 25 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliables mediante un xuízo de valor:

- Memoria e programa de traballo, ata un máximo de 22 puntos.
- Plan de actuacións ambientais, ata un máximo de 3 puntos.

A continuación detállanse os criterios a ter en conta para cada unha das ofertas.

A. Memoria e programa de traballo

A.1. Análise da actuación obxecto do proxecto, das actividades e unidades de obra e dos condicionantes principais para a execución do proxecto (máximo 10 puntos), cos seguintes intervalos de puntuación:

puntuación	criterio de valoración
10	analiza a problemática da obra, os condicionantes principais e as actividades más importantes de forma correcta coa execución dos traballos . En concreto, desenvolve a explicación da concepción, o porqué da forma de execución das obras, a importancia dos condicionantes principais para a execución dos traballos, explicación de dificultades ou fitos da execución presentada, os procesos construtivos e as operacións simples en relación aos equipos de traballo empregados.
8	analiza a problemática da obra e as actividades más importantes, aínda que expón os condicionantes principais de forma xeral

6	analiza a problemática da obra e os condicionantes principais, áínda que expón as actividades más importantes de forma xeral
4	explica as obras de forma xeral, áínda que analiza os condicionantes de forma correcta, así como, as actividades más importantes.
2	presenta de forma xeral a explicación das obras, condicionantes e actividades más importantes.
0	non realiza análise de actuacións ou esta non se considera específica ou adaptada ao proxecto.

A.2. Estudio de implantación, acopios e desvíos

puntuación	criterio de valoración
4	inclúe estudo de implantación detallado, coas provisións correctas e desvíos necesarios acordes aos condicionantes de obra de forma clara e concisa. En concreto valorarase o boa implantación prevista do campamento de obra (o realmente necesario para a mesma), así como, a xestión de acopios tanto en tempo coma en localización dos mesmos, a xestión dos desvíos provisionais necesarios, da programación proposta e a solución dada para os servicios afectados, a localización de subministros coherentes coa obra e a afección aos medios de transporte.
2	enuncia a implantación, provisións e desvíos, áínda que non son acordes ás necesidades da programación presentada
0	non realiza estudo de implantación, provisións nin desvíos.

A.3. Programación das obras

puntuación	criterio de valoración
8	programa de forma correcta a execución particularizada da empresa motivada polos condicionantes da obra. Isto é en base a presentar unha programación realmente explicativa e particular das obra e do

	procedemento descrito nos apartados anteriores, coa particularización ou non das fases presentadas, coa revisión da ordenación lóxica das unidades de traballo (a dependencia dunhas unidades sobre outras) e dos equipos que se empregan nas mesmas; e as particularidades para a solución dos tempos de retraso nas obras no referente ás actividades críticas
6	a programación é detallada e particularizada á obra, cunha orde de actividades acorde á mesma, incluíndo uns rendementos coerentes das principais unidades de traballo por día
4	programa de execución de forma xeral, e ben plantexada
2	programa de execución de forma xeral, pero non é acorde cos condicionantes da obra
0	non presenta programación das obras

B. Plan de actuacións ambientais

B.1 Emprego de materias reutilizados ou reciclados

puntuación	criterio de valoración
3	achega unha proposta de actuación para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, adaptada ás peculiaridades da obra. Inclúe programa de puntos de inspección para o control da recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado.
2	propón unhas medidas xenéricas de recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, pero inclúe programa de puntos de inspección ambiental para o control da recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado e certificados dos materiais
1	propón unhas medidas xenéricas de recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, pero non inclúe programa de puntos de inspección ambiental para o control da recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, ou certificados dos materiais

non presenta relación de materiais reutilizados ou reciclados a utilizar

7. Conclusóns

Logo de analizar a documentación presentada, tendo en conta as regras de puntuación indicadas no PCAP e as características e peculiaridades da obra de referencia, procédese a revisión técnica da documentación presentada no sobre A por cada licitador, segundo se recolle na táboa que se achega no anexo. Indícase, para cada un dos contidos a valorar, a avaliación dos aspectos que provoca unha minoración da puntuación máxima do apartado.


Á vista do anteriormente exposto, achégase a puntuación total para cada unha das empresas licitadoras e detállase a valoración realizada:

empresa		16.1.a. memoria programa traballo	16.1.b. plan actuacións medioambie ntais	puntuación sobre a
1	COVISAM NORTE, S.L.	18	3	21
2	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18	3	21


O que se informa aos efectos oportunos e no eido das competencias do Servizo de Arquitectura.

Pontevedra, 17 de decembro de 2019

O xefe do Servizo de Arquitectura en funcións


Roberto Martínez Padín

As arquitectas técnicas do Servizo de Arquitectura


M. José Fernández Lamas


Silvia Gómez Otero

TÍTULO DO PROXECTO: REPARACIÓN DA CUBERTA E FACHADA DO AUDITORIO DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE
 EXPEDIENTE: 2019039839
 LICITADOR: COVISAM NORTE S.L.

Cumprimento dos requisitos de forma establecidos no apartado 14.2 do PCAP	PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN	VALORACIÓN	XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN
	Formato da presentación A4 + Gantt A3	Cumple	O formato da documentación é A4 + Gantt en A3
	Lím. máx. de follas 50 páxinas	Cumple	O documento non supera o límite máximo de 50 páxinas
	Similar Arial 11	Cumple	Similar
	Índice	Cumple	Presenta índice
	Memoria e programa de traballo	Cumple	Cumple co límite máximo de 9 pax A4 + 1 diagrama de Gantt en A3
	Plan de actuacións ambientais	Cumple	Cumple co límite máximo de 3 páxinas A4 + certificados de materiais

16.1. Enumeración dos criterios availables mediante un xuízo de valor	APARTADOS	PUNTUACIÓN	XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN
	A.1. Análise da actuación obxecto do proxecto, das actividades e unidades de obra e dos condicionantes principais para a execución do proxecto	8	Analiza a problemática da obra e as actividades más importantes, achega detalles gráficos explicativos das tarefas más relevantes áinda que expón os condicionantes principais de forma xeral
	A.2. Estudio de implantación, acopios e desvíos	2	Enuncia a implantación, provisións e desvíos de maneira sinxela e xeral áinda que achega plano de implantación da obra dentro do Centro Príncipe Felipe
	A.3. Programación das obras	8	Programa de forma correcta a execución particularizada da empresa motivada polos condicionantes da obra, con diagramas explicativos da do mesmo. Inclúe diagrama Gant, suficientemente aclaratorio para este proxecto en particular
	PUNTUACIÓN A.	18	
	B. PLAN DE ACTUACIÓNES MÉDIOAMBIENTAIS	3	Achega unha proposta de actuación para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, adaptada ás peculiaridades da obra, considérase suficientemente aclaratoria para este proxecto. Inclúe programa de puntos de inspección para o control da recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado
	PUNTUACIÓN B.	3	

 VALORACIÓN CRITERIOS XUÍZO DE VALOR  21 



TÍTULO DO PROXECTO: REPARACIÓN DA CUBERTA E FACHADA DO AUDITORIO DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE
 EXPEDIENTE: 2019039839
 LICITADOR: PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA

Cumprimento dos requisitos de forma establecidos no apartado 14.2 do PCAP	PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN	VALORACIÓN	XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN
	Formato da presentación A4 + Gantt A3	Cumple	O formato da documentación é A4 + Gantt en A3
	Lím. máx. de follas 50 páxinas	Cumple	O documento non supera o límite máximo de 50 páxinas
	Similar Arial 11	Cumple	Similar
	Índice	Cumple	Presenta índice
	Memoria e programa de traballo	Cumple	Cumple co límite máximo de 9 pax A4 + 1 diagrama de Gantt en A3
	Plan de actuacións ambientais	Cumple	Cumple co límite máximo de 3 páxinas A4

16.1. Enumeración dos criterios availables mediante un xuízo de valor	APARTADOS	PUNTUACIÓN	XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN
	A.1. Análise da actuación obxecto do proxecto, das actividades e unidades de obra e dos condicionantes principais para a execución do proxecto	6	Analiza a problemática da obra e os condicionantes principais, aínda que expón as actividades más importantes de forma xeral, carece de explicación gráfica das actividades más relevantes e do desenvolvemento dos traballos
	A.2. Estudio de implantación, acopios e desvíos	4	Inclúe estudo de implantación detallado, coas provisións correctas e desvíos necesarios acordes aos condicionantes de obra de forma clara e concisa, achega plano de implantación dentro do Centro Príncipe Felipe
	A.3. Programación das obras	8	Programa de forma correcta a execución particularizada da empresa motivada polos condicionantes da obra, con diagramas explicativos da do mesmo. Inclúe diagrama Gant, suficientemente aclaratorio para este proxecto en particular
	PUNTUACIÓN A.	18	
	B. PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES		
	B.1. Emprego de materiais reutilizados ou reciclados	3	Achega unha proposta de actuación para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, adaptada ás peculiaridades da obra, considérase suficientemente aclaratoria para este proxecto. Inclúe programa de puntos de inspección para o control da recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado
	PUNTUACIÓN B.	3	

VALORACIÓN CRITERIOS XUÍZO DE VALOR **21**

